



SIMÓN BALVÍS

No salón de actos desenvóléronse sesións cun planetario virtual para todos os estudantes

O Instituto Número Un desenvolve a súa sexta Semana da Ciencia

O cambio climático é o tema dunhas xornadas en Ribeira

O ximnasio do centro educativo acollerá unha exposición coa representación de diversas experiencias realizadas polos alumnos

Cechu López

RIBEIRA

■ O Instituto Número Un de Ribeira, que dirixe Ana Valdés, programou ata o día 31 a sexta edición da Semana da Ciencia, que leva por lema *Paremos o cambio climático: aínda é posible!*, e que inaugurarase o vindeiro martes pola mañá coa asistencia do director xeral de Desenvolvemento Sostible da Concellería de Medio Ambiente, Emilio Manuel Fernández Suárez.

Onte xa se desenvolveron as primeiras actividades consistentes nun planetario virtual no salón de actos, 1.º que os alumnos puideron ter unha visión máis completa sobre as constelacións e os planetas, a través dunha pormenorizada explicación e unha proxección audiovisual sobre o sistema solar. A partir das 22.00 horas participaron nunha observación do ceo nocturno, a cargo do grupo

Altega, de xestión do lecer.

Para o luns, de 16.00 a 18.30 horas, prevese a proxección no salón de actos de *Unha verdade incómoda*, de Al Gore, que está dirixida especialmente aos alumnos de cuarto curso da ESO, e que volverá a emitirse o martes pola tarde para os estudantes da Escola de Adultos e Bacharelato. Durante esta última haberá unha xornada de portas abertas para o público xeral.

Coloquio

Na xornada séguite, antes da inauguración terá lugar a presentación do proxecto Climántica a través das conferencias tituladas *O cambio climático, un reto para Galicia e un reto para o mundo*, a cargo do xa citado Emilio Fernández; e outra baixo o epígrafe *¿Cambia o clima?: Climántica responde*, con Francisco Sónora Luna, director do proxecto. Á conclusión destas charlas

haberá un coloquio co equipo que desenvolveu a iniciativa. Na clausura haberá un espectáculo de maxia e tecnoloxía con Ricardo Paredes para os alumnos de segundo da ESO.

Do martes ao xoves poderán verse no ximnasio do centro unha vintena de casetas na que exhibiránse de forma ininterrompida as experiencias científicas desenvolvidas polos estudantes sobre o efecto invernadoiro e da choiva ácida, hixiene dental, os perigos do alcohol, o reloxo de iodo, o disco de Newton, o termómetro de Galileo, un contador demográfico en tempo real e outros.

Ademais, haberá exposicións botánicas, de tecnoloxía, cambio climático, microscopía celular e animais en plastilina; obradoiros de xadrez, papiroflexia e construción de planisferios e as presentacións multimedia *Arde Galicia*, *Cambio Climático* e *Xeodesia*.